

ROMANCE DO NENO TOLO

(Unha visión romántica da loucura, cando o poeta pensaba que era marabillosa, que os tolos eran os outros)

De neno, dende moi neno,
xa me chamaban o tolo.
Son un neno diferente.
Eu non son igual que todos.
Cando paso van dicindo
neno tolo, neno tolo.
Camiño sempre moi lento
con cantos que levo ó lombo,
uns cantos ben entoados
que ás veces se volven contos.
Gústame pisar o ceo,
gústame pisar o lodo.
Cando vou pisando o ceo
a terra me parece ouro,
e o ceo o vexo dourado
cando vou pisando o lodo.
Gústame mirar o mar
e gústame ver os arroyos,
xogar cos peixes no río
entre a auga que sae a chorros.
De noite, sobre dos campos,
durmo debaixo dos olmos,
e falo coas estrelas,

fálolles de case todo.

Cabalgo baixo da lúa
montado sobre dos poldros.

No silencio do arredor
vánseme pechando os ollos.

Cos meus ollos xa pechados
teño soños moi fermosos.

Soño que os seres humanos,

sexan negros, sexan roxos,

sexan ricos, sexan pobres,

fomos, seremos e somos

felices e desgraciados,

malvados e bondadosos.

Pero a min despois do sono

non me pasa como a todos.

Porque eu sigo vendo esperto

o mesmo que vexo en soños.

E é por iso que me chaman

nenito tolo, nenito tolo.

Ai, nenitos da cordura,

os tolos sodes vosoutros.